



**RESOLUCIÓN 2/2025 DE VIXILANCIA PARCIAL PARA A VALORACIÓN DE MEDIDAS
CORRECTORAS IMPLANTADAS QUE POIDAN CONDUCIR Á EXENCIÓN OU MODULACIÓN DA
PROHIBICIÓN DE CONTRATAR IMPOSTA NON EXPEDIENTE S/14/2018-LICITACIÓN
URBANIZACIÓN ZONA FRANCA VIGO**

En Pleno

D. Ignacio López-Chaves Castro, presidente.

D. Daniel Neira Barral, secretario/vogal.

Dña. M^a Teresa Cancelo Márquez, vogal.

En Santiago de Compostela, ao 27 de marzo de 2025

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (en adiante CGC), coa composición indicada arriba e sendo poñente D. Ignacio López-Chaves Castro, dita a presente Resolución en relación coa solicitude presentada pola empresa OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. (OHLA) de revisión da prohibición de contratar imposta por este Pleno na Resolución 6/2023 licitación urbanización do Consorcio Zona Franca de Vigo.



ÍNDICE

1.- ANTECEDENTES DE FEITO.....	3
2.- AS PARTES	7
3. FUNDAMENTOS XURÍDICOS	7
3.1.- OBXECTO DA RESOLUCIÓN	7
3.2.- CONDICIÓN ESIXIDAS POLO ART. 75.2 DA LCSP PARA A REVISIÓN DA PROHIBICIÓN DE CONTRATAR	9
3.2.1 Automatismo ou imperatividade na revisión ou anulación da prohibición de contratar	9
3.2.2.- Pago ou compromiso de pago da multa	10
3.2.3.- Adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas	10
3.3.- PROGRAMA DE CUMPRIMENTO PRESENTADO POR OHLA E DOCUMENTACIÓN SOLICITADA POLA SUBDIC	11
3.3.1. Presentación do Programa de Defensa da Competencia por OBRASCON HUARTE LAIN, S.A	13
3.3.2. Solicitud de documentación pola SUBDIC	16
3.4 ANÁLISE DO PROGRAMA DE DEFENSA DA COMPETENCIA PRESENTADO POR OHLA	21
3.4.1.- Achega de información por OBRASCON HUARTE LAIN, S.A	22
3.4.2.- Programa ex ante ou ex post	24
3.4.3.- Recoñecemento ou non dos feitos	27
3.4.4.- Sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024	28
3.4.5.- Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 10 de xuño de 2021	30
3.4.6.- Resolucións do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia do 22 de novembro de 2021 e do 26 de xullo de 2023.....	31
3.5.- ACREDITACIÓN POR OHLA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS TÉCNICAS, ORGANIZATIVAS E DE PERSOAL APROPIADAS PARA EVITAR A COMISIÓN DE FUTURAS INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS	32
4.- ALEGACIÓNS DE OBRASCON HUARTE LAIN, S.A, AO INFORME DA SUBDIC	67
5.- CONCLUSIÓNS	68
6. RESOLVE	70



1.- ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. - Con data 27 de setembro de 2023 a CGC aprobou a Resolución 6/2023 Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo, ditada no Expediente S 14/2018 na que declarou acreditado a existencia dunha conduta prohibida polo artigo 1 LDC, constitutiva de infracción, producida no marco do procedemento de contratación pública, promovido polo Consorcio da Zona Franca de Vigo mediante procedemento aberto, identificado como OBR/17/14 "Obras de urbanización da Área Logística Empresarial (LE) na PLISAN (primeira fase de execución)" cometida polas empresas OBRASCON HUARTE LAIN, SA; GEVORA CONSTRUCCIONES SA; UNION VANTAXE SL; CIVIS GLOBAL SLU; AVAN INTEGRAL SL; HIDROMIÑO S.L.U.(na actualidade, LUZVIPROM, S.L.U.) e CD INDEPO SLU (na actualidade ACINSER INTEGRAL, S.L.). Tamén impuxo unha sanción á empresa OBRASCON HUARTE LAIN, SA de 922.990,94 euros (0.125% do volume de negocio total).

Ademais, acordou, de conformidade co art. 72.2 da LCSP o art. 53.2.b) da LDC, o establecemento da prohibición de contratar á empresa OBRASCON HUARTE LAIN, SA no que respecta a calquera contrato de obras convocado por calquera Administración Pública no ámbito territorial da provincia de Pontevedra durante seis meses a contar desde a firmeza da Resolución.

SEGUNDO. - No apartado 9.3 da referida Resolución declárase que "

Por último, sinalar que a propia LCSP recolle no seu art. 72.5 a posibilidade das empresas de presentar medidas de autocorrección ou de "self cleaning". A Exposición de Motivos da LCSP afirma que a mesma "traspón as denominadas polas Directivas Comunitarias como «medidas de autocorrección», de maneira que determinadas prohibicións de contratar ben non se declararán ou ben non se aplicarán, segundo o caso, cando a empresa adoptase medidas de cumprimento destinadas a reparar os danos causados pola súa conduta ilícita, nas condicións que se regulan nesta Lei". Ese art. 72.5 dispón que as empresas que queiran acollerse a esas medidas deberán acreditar o pago ou compromiso de pago da sanción que a autoridade de competencia lle impuxera, así como



terán que adoptar “medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións”.

TERCEIRO. – Con data 6 de novembro de 2023 a empresa OHLA solicitou a suspensión da execución da suspensión de contratar informando a súa intención de recorrer dita Resolución e solicitar ao Tribunal a suspensión da mesma.

Con data 7 de novembro de 2023 o Pleno da CGC acordou a concesión da citada suspensión.

CUARTO. - Con data 28 de novembro de 2023 OHLA interpuxo recurso contencioso-administrativo ante Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXdeGal) e solicitou a suspensión cautelar da executividade da prohibición de contratar.

QUINTO. - O 9 de febreiro de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXdeGal) acordou a suspensión cautelar da execución da prohibición de contratar.

SEXTO. - Con data 4 de abril de 2024 a empresa OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. (OHLA) presenta un escrito (en adiante, “solicitud de inaplicación”) nel afirma que:

“La CGC debe dejar sin efecto la Prohibición de contratar

60. Como consecuencia de todo lo anterior, a la vista de la acreditación del cumplimiento de los requisitos del artículo 72.5 de la LCSP por parte de OHLA (en concreto, la Sociedad ha acreditado el pago de la multa impuesta en la Resolución, así como la adopción de medidas técnicas, organizativas y de personal apropiadas para evitar la comisión de eventuales futuras infracciones administrativas) y de la aplicación por parte de las Autoridades de la competencia españolas manifestada en precedentes similares al presente, la CGC debe acordar dejar sin efecto la Prohibición de contratar impuesta a esta parte, dejando incólume el resto de los pronunciamientos de la Resolución, cuyos términos son objeto del Recurso.”

e solicita por elo que se deixe sen efectos a prohibición de contratar imposta pola CGC a dita empresa na Resolución R 6-2023 de 27 de setembro de 2023.

SÉTIMO. - Con data 22 de novembro de 2024, e ao obxecto de valorar a viabilidade de dita solicitude, requiriuse, por parte da Subdirección de Investigación da CGC (en adiante SUBDIC) que OHLA aportase documentación complementaria en relación ás medidas correctoras implantadas que poidan conducir á exención ou modulación da prohibición de contratar imposta



pola Resolución R 6/2023 (en adiante "requirimento de información"). Así declara en dito escrito que:

"Segundo.- A efectos de valorar se o programa de cumprimento normativo así como a demais documentación presentada por OHLA incorpora medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas, é dicir, que se consideran adecuadas e eficaces para as finalidades pretendidas de prevención ou de detección e reacción de condutas infractoras da Lei de defensa da competencia (LDC), débese ter en conta toda unha serie de indicadores."

E que

"Oitavo. - Por todo o anteriormente exposto é polo que se comunica a OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. (OHLA) que para que das medidas correctoras presentadas con data 04.04.2024 se poida concluír a oportunidade de exención ou modulación da prohibición de contratar impostas no expediente S14/2018-LICITACIÓN URBANIZACIÓN ZONA FRANCA VIGO é necesario acreditar, achegando evidencias ante esta SUBDIC dos indicadores referidos na táboa anexa".

Dito escrito foi notificado a OHLA concedéndose un prazo de 15 días hábiles para contestar.

OITAVO. - Con data 9 de decembro de 2024 OHLA presenta escrito e nel solicita ampliación de prazo de 7 días hábiles adicionais para presentar a documentación máis que debido a que

"III. Que, respetuosamente, esta parte considera limitado el plazo concedido para aportar la referida información, debido a la amplitud y variedad de la información que se requiere.

IV. Además, el Requerimiento de Información pone de manifiesto que, en caso de no dar respuesta al mismo, la SUBDIC podrá acordar la imposición de una multa coercitiva de hasta un 5 por ciento del volumen de negocios total mundial medio diario por cada día de retraso, sin perjuicio de la apertura, en su caso, de un expediente sancionador, conforme a lo dispuesto, respectivamente, en los artículos 67 y 62.2.c) de la Ley 15/2007, de 3 de julio, de Defensa de la Competencia ("LDC"). Por tanto, OHLA soportaría un grave perjuicio en el caso de que no le resultase posible aportar la información requerida en el plazo indicado."

NOVENO. - Con data 11 de decembro de 2024 a SUBDIC contesta a ese escrito concedendo un prazo de 7 días hábiles adicionais ao prazo de quince días hábiles concedido inicialmente.



DÉCIMO. - Con data 26 de decembro de 2024 OHLA presenta contestación a dito requirimento (en adiante, "contestación ao requirimento información") non aportando a información solicitada e manifestando que:

"Por ello, habiendo realizado durante el plazo concedido las debidas gestiones y análisis internos para dar respuesta al Requerimiento de Información, concluye que no dispone de información adicional a la ya aportada a la CGC durante el procedimiento administrativo y considera que la SUBDIC ya dispone de toda la información necesaria para poder valorar y apreciar la inaplicación de la prohibición de contratar prevista en la resolución sancionadora de la CGC contra OHLA, a la cual esta parte se remite en su integridad."

UNDÉCIMO. - Con data 12 de febreiro de 2025 a SUBDIC emitiu o informe VPR 1/2024 "de vixilancia parcial para a valoración de medidas correctoras implantadas que podan conducir á exención ou modulación da prohibición de contratar imposta no Expediente S/14/2018 - licitación urbanización Zona Franca Vigo" no cal manifestaba que:

"Quinto.- Por todo o anterior, á vista dos feitos, antecedentes e avaliacións recollidas no corpo da presente proposta de resolución, esta Subdirección Xeral de Investigación (SUBDIC) estima que, no momento de emitir este informe a medidas técnicas, organizativas e de persoal adoptadas por OHLA para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas resultan insuficientes e non teñen entidade suficiente como para acordar o levantamento da prohibición de contratar imposta polo que propón ao Pleno da Comisión Galega da Competencia (CGC) a NON EXENCIÓN OU MODULACIÓN DA PROHIBICIÓN DE CONTRATAR IMPOSTA no expediente S/14/2018- LICITACIÓN URBANIZACIÓN ZONA FRANCA VIGO nos termos expostos por OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. (OHLA) ao non concorrer o segundo dos requisitos previsto no artigo 72.5 LCSP."

Sexto. - Esta insuficiencia na implantación das medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas por OHLA para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas (artigo 72.5 LCSP) vese substanciada na falta de acreditación da adopción, por parte de OHLA, dos 42 indicadores propostos por esta SUBDIC na táboa/guía de valoración anexa do requirimento de información de 22.11.2024."

DUODÉCIMO. - Dito Informe foi remitido a OHLA con data 12 de febreiro de 2025 facéndolles saber que tiña un prazo de (15) quince días para formular alegacións.



DÉCIMO TERCEIRO. - OBRASCON HUARTE LAIN, S.A non presentou alegación algunha a dito Informe.

DÉCIMO CUARTO- Con data 7 de marzo de 2025 a SUBDIC notifica a Proposta de Resolución ao Pleno da Comisión Galega da Competencia.

DECIMO QUINTO. - Con data 7 de marzo de 2025 o Pleno reuniuse para designar poñente.

DECIMO SEXTO. - Con data de 27 de marzo de 2025 o Pleno reuniuse para deliberar e aprobar esta Resolución.

2.- AS PARTES

É parte interesada a empresa OBRASCON HUARTE LAIN, S.A. (OHLA). Dita empresa se constituíu o día 15/05/1911 co obxectivo de:

A) O estudo e construción de toda clase de obras sexan públicas ou privadas. B) A promoción, desenvolvemento, construción e explotación de toda clase de infraestruturas, servizos e concesións de todo tipo. C) A promoción, desenvolvemento, construción e explotación de toda clase de proxectos industriais.

3. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

3.1.- OBXECTO DA RESOLUCIÓN

A presente resolución ten por obxecto determinar se se cumpren os requisitos establecidos no artigo 72.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP) que fundamenten a revisión da prohibición de contratar impostas á empresa OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. (OHLA) na resolución do 27 de setembro de 2023 da CGC Resolución 6/2023 Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo, ditada no Expediente S 14/2018. A referida resolución impuxo a OHLA a prohibición de contratar no que respecta a calquera contrato de obras convocado pola calquera Administración Pública no ámbito territorial da provincia de Pontevedra durante seis meses a contar desde que a Resolución fágase firme.



A prohibición de contratar foi introducida no ordenamento xurídico pola disposición final novena da Lei 40/2015, do 1 de outubro, que modificou os artigos 60 e 61 do entón vixente texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro) e cuxa entrada en vigor tivo lugar o 22 de outubro de 2015. A postura máis común é a de negar a natureza sancionadora destas prohibicións de contratar considerándose como unha medida de protección da Administración para evitar a celebración de contratos con operadores cuxa conduta podería clasificarse como reprobable, de acordo coa esixencia legal dunha singular condición ou honorabilidade para contratar co sector público, o que debe permitir ás entidades que o integran excluír das súas relacións contractuais a aqueles suxeitos que non cumpran co devandito nivel de esixencia¹. A imposición da mesma supeditase ao cumprimento de certos presupostos, entre eles, á existencia dunha sanción administrativa firme (STS de 14 de setembro de 2021²).

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante LCSP) recolle no seu art. 72.5 a posibilidade deas empresas de presentar medidas autocorrección ou de "self cleaning."

Neste sentido a Exposición de Motivos da LCSP afirma que dita lei

"(...) traspón as denominadas polas Directivas Comunitarias como «medidas de autocorrección», de maneira que determinadas prohibicións de contratar ou ben non se declararán ou ben non se aplicarán, segundo o caso, cando a empresa adoptase medidas de cumprimento destinadas a reparar os danos causados pola súa conduta ilícita, nas condicións que se regulan nesta Lei"

Dito art. 72.5 dispón que as empresas que queiran acollerse a esas medidas deberán acreditar o pago ou compromiso de pago a sanción que a autoridade de competencia lles impuxera, así como terán que adoptar

"(...) medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas (...)"

O artigo 72.5 da LCSP (parágrafos segundo e terceiro) dispón o seguinte:

¹ "(...) a prohibición de contratar é un dos efectos de reacción do ordenamento xurídico a determinadas condutas que se estiman atentatorias á boa fe e confianza que deben presidir as relacións entre Administración e quen contratan con ela ou aspiran a selo" (STS de 7 de novembro de 2006.)

² N° de recurso 6372/2020



"Non procederá, con todo, declarar a prohibición de contratar cando, en sede do trámite de audiencia do procedemento correspondente, a persoa incurso na causa de prohibición acredite o pago ou compromiso de pago das multas e indemnizacións fixadas por sentenza ou resolución administrativa das que derive a causa de prohibición de contratar, a condición de que as citadas persoas fosen declaradas responsables do pago da mesma na citada sentenza ou resolución, e a adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas, entre as que quedará incluído o acollerse ao programa de clemencia en materia de falseamento da competencia.

A prohibición de contratar, así declarada, poderá ser revisada en calquera momento da súa vixencia, cando a persoa que fose declarada en situación de prohibición de contratar acredite o cumprimento dos extremos a que se refire o parágrafo anterior. O órgano competente para coñecer da citada revisión será o mesmo que ditou a resolución de declaración de prohibición de contratar"

3.2.- CONDICIÓNES ESIXIDAS POLO ART. 75.2 DA LCSP PARA A REVISIÓN DA PROHIBICIÓN DE CONTRATAR.

De conformidade con dito art. 72.5 da LCSP, as prohibicións de contratar poderanse revisar cando a empresa sancionada, neste caso, OHLA, cumpra con dúas condicións:

- a) acredite o pago ou o compromiso de pago da multa, e
- b) adopte medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas.

3.2.1 Automatismo ou imperatividade na revisión ou anulación da prohibición de contratar.

A pesar dos termos empregados no seu escrito pola empresa OHLA ("**La CGC debe dejar sin efecto la Prohibición de contratar**") hai que sinalar que non existe imperatividade nin automatismo na aplicación das regras de revisión ou anulación da prohibición de contratar imposta por unha autoridade de competencia como consecuencia da adopción dun programa de cumprimento normativo por parte da empresa afectada, senón que a decisión como sinalou a Autoridade Catalana da Competencia³

³ Resolución de 22 de novembro de 2021 Resolución do asunto n.º V- 100/2018, Aerobús Resolución de 26 de xullo de 2023 e Resolución do procedemento de vixilancia do expediente n.º V100/2018 bis-V 102/2019,



"(...) debe tener en cuenta la suficiencia de las medidas aplicadas para garantizar su eficacia para prevenir, detectar y reaccionar ante incumplimientos de la normativa."

En primeiro lugar porque a LCSP nin impón esa imperatividade nin autonomismo na revisión da prohibición de contratar imposta, xa que dispón que no art.75.2 paragrafo terceiro da mesma que *"A prohibición de contratar, así declarada, poderá ser revisada (...) "*⁴

En segundo lugar, porque, como dispón a Directiva 24/2014/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, que foi obxecto de transposición na LCSP (par. 102):

*"Con todo, debe contemplarse a posibilidade de que os operadores económicos adopten medidas de cumprimento destinadas a reparar as consecuencias das infraccións penais ou as faltas que cometesen e a previr eficazmente que volvan producirse condutas ilícitas. En concreto, podería tratarse de medidas que afectan o persoal e a organización, como a ruptura de todos os vínculos coas persoas ou organizacións que participarán nas condutas ilícitas, medidas adecuadas de reorganización do persoal, implantación de sistemas de información e control, creación dunha estrutura de auditoría interna para supervisar o cumprimento e adopción de normas internas de responsabilidade e indemnización. Cando estas medidas ofrezan garantías suficientes, débese deixar de excluír por estes motivos ao operador económico de que se trate"*⁵

3.2.2.- Pago ou compromiso de pago da multa

En relación co cumprimento do primeiro dos requisitos antes sinalados, a empresa OHLA satisfizo o importe da sanción que lle era imposta na resolución 6/2023 que era de 922.990,94 euros, é dicir o 0.125% do volume de negocio total da empresa no ano 2022.

Este requisito cumpriuse.

3.2.3.- Adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas.

Respecto deste segundo requisito a empresa OHLA con data 4 de abril de 2024 presenta un escrito no que afirma que ***"La CGC debe dejar sin efecto la Prohibición de contratar"***, como consecuencia de *"(...) cumplimiento de los requisitos del artículo 72.5 de la LCSP por parte de*

Aerobús

4 O subliñado non existe no texto orixinal.

5 O subliñado non existe no texto orixinal.



OHLA (en concreto, la Sociedad ha acreditado el pago de la multa impuesta en la Resolución, así como la adopción de medidas técnicas, organizativas y de personal apropiadas para evitar la comisión de eventuales futuras infracciones administrativas) y de la aplicación por parte de las Autoridades de la competencia españolas manifestada en precedentes similares al presente (...)”

Este segundo requisito é o que corresponderá examinar o seu cumprimento, é dicir, procederá analizar se a empresa OHLA adoptou medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas, é dicir, a instauración dun programa de cumprimento normativo (programa de *compliance*) adecuado para a prevención e, no seu caso, a detección y reacción ante as infraccións que non puideron ser evitadas.

3.3.- PROGRAMA DE CUMPRIMENTO PRESENTADO POR OHLA E DOCUMENTACIÓN SOLICITADA POLA SUBDIC

Con data 4 de abril de 2024 OHLA presentou escrito no cal solicitaba ao Pleno da CGC:

“que tenga por presentado este escrito, así como sus anexos, se sirva admitirlo y, en su virtud, deje sin efecto la prohibición de contratar impuesta a OHLA en los términos expuestos, a los efectos legales oportunos” (folio 582).

En relación co segundo requisito (adoptar medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas) neste escrito afirmaba que a empresa OHLA dispoñía de “(...) un programa de cumplimiento normativo, vigente y eficaz el cual reevalúa frecuentemente y cuyo objeto es, en efecto, evitar la eventual comisión de futuras infracciones administrativas.” Sinalaba tamén que:

“42. Pues bien, el programa de defensa de la competencia de OHLA cumple con los distintos criterios de evaluación (implicación de los órganos de administración, formación eficaz, sistema disciplinario, etc.) de la Guía de *Compliance*, tal y como se detallará a continuación. Y, en particular, cuenta con “*medidas técnicas, organizativas y de personal apropiadas para evitar la comisión de futuras infracciones administrativas*”, tal y como requiere el artículo 72.5 de la LCSP para que pueda declararse la inaplicación de la Prohibición de contratar por parte de la CGC” (folio 574).



Con data 22 de novembro de 2024, e ao obxecto de valorar a viabilidade de dita solicitude, a **SUBDIC requiriu que OHLA aportase documentación complementaria en relación ás medidas correctoras implantadas** (folios 710 a 727).

A dito requirimento contestou a empresa indicando que "(...) consideraba que la SUBDIC ya dispone de toda la información necesaria para poder valorar y apreciar la inaplicación de la prohibición de contratar prevista en la resolución sancionadora de la CGC contra OHLA, a la cual esta parte se remite en su integridad" (folio 740), polo que non enviou documentación complementaria algunha á presentada co escrito inicial de solicitude, por elo a valoración do programa de cumprimento farase exclusivamente coa documentación que a empresa OHLA acompañou co seu escrito de 4 de abril de 2024 e que xa constan no expediente.

Aos efectos de valorar se o programa de cumprimento normativo presentado por OHLA é adecuado, suficiente, actualizado e eficaz para a finalidade pretendida de evitar a eventual comisión de futuras infraccións administrativas en dereito da competencia, é preciso, como tamén sinala a Autoridade Catalana da Competencia (ACCO)⁶, ter en conta unha serie de indicadores.

Neste sentido a SUBDIC no seu requirimento de información de 22 de novembro de 2024 afirma que:

"Segundo.- A efectos de valorar se o programa de cumplimiento normativo así como a demais documentación presentada por OHLA incorpora medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infracciones administrativas, é decir, que se consideren adecuadas e eficaces para as finalidades pretendidas de prevención ou de detección e reacción de condutas infractoras da Lei de defensa da competencia (LDC), débese ter en conta toda unha serie de indicadores.

Terceiro.- Co fin de identificar estes criterios de avaliación seguiuase principalmente a "Guía de Programas de Cumplimiento Normativo" da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC) sen prexuízo dos documentos e guías publicados por outras autoridades de competencia como as do País Vasco, Cataluña, Francia, Italia, Reino Unido ou a Comisión Europea, os cales inclúen indicadores similares para a avaliación da eficacia dos programas de cumplimiento normativo, aplicados, polo común, no ámbito

⁶ Resolucións de data 22 de novembro de 2021 ditadas no asunto n.º V-100/2018 Aerobús e de 26 de xullo de 2023 ditada no asunto n.º V- 100/2018 bis – V 102/2019, Aerobús.



nacional e internacional. Igualmente tomouse como referencia a Sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TG) de 02.10.2024 en recurso T-126/23 EU-OSHA, no que o TG se pronuncia sobre a valoración de medidas correctoras.

Ademais, tívose en consideración, a resolución do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia da Autoridade Catalá da Competencia (TCDC da ACCO) no asunto n.º V-100/2018, Aerobús, na cal se enumeran sete criterios ou indicadores a ter en conta a fin de que un programa de cumprimento normativo poida considerarse eficaz; así, son orientadores os seguintes indicadores, i) Integración do cumprimento coa normativa de defensa da competencia na cultura corporativa da empresa, ii) Formación e sensibilización, iii) Existencia dunha canle de denuncias, iv) Responsable do deseño e control do programa de cumprimento (Compliance Officer), v) Mapa de riscos/matriz de controis, vi) Medidas disciplinarias e incentivadoras e vii) Monitorización, actualización e mellora continua” (folios 714 e 715).

No seu Informe VPR 1/2024 a SUBDIC sinalou que para o cotexo e exame de documentación que presentara OHLA o 4 de abril de 2024 e comprobar a suficiencia na adopción das medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas por parte da mesma, a SUBDIC facilitou a OHLA unha táboa/guía con indicadores orientativos que servirían á SUBDIC para valorar a acreditación das medidas correctoras implantadas pola empresa en relación cos programas de cumprimento normativo ou programas de *compliance*. Con esa táboa/guía a SUBDIC perseguía a finalidade de que a empresa OHLA puidese acreditar por medio da achega de información e documentación unha serie de evidencias, así como a implantación efectiva de ditas medidas correctoras. Estes indicadores⁷ estaban relacionados coas seguintes materias:

1. Investigacións internas realizadas ao obxecto de esclarecer os feitos obxecto do expediente S 14/2018.
2. Medidas disciplinarias contra o persoal implicado nas condutas.
3. Programa de cumprimento.
4. Canle de denuncias.
5. Comités ou supervisor de xestión e prevención de riscos.

⁷ Estes indicadores aparecen no documento Anexo 1 do oficio enviado pola SUBDIC á empresa OHLA con data 22 de novembro de 2024 (folios 724 a 726)



6. Adopción de procedementos e políticas en materia de ética.
7. Formación de empregados.
8. Instrumentos de competencia na contratación laboral.
9. Información adicional.

Estes mesmos criterios serán os que utilice este Pleno aos efectos de determinar e valorar se o programa de cumprimento normativo presentado pola empresa OHLA é adecuado e eficaz para as finalidades pretendidas de prevención ou de detección e reacción de condutas infractoras da LDC.

3.3.1. Presentación do Programa de Defensa da Competencia por OBRASCON HUARTE LAIN, S.A

No seu escrito de 4 de abril de 2024 OHLA sostén o cumprimento do requisito da adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas, en base á dispoñibilidade de "(...) un programa de cumplimiento normativo, vigente y eficaz el cual revalúa frecuentemente y cuyo objeto es, en efecto, evitar la eventual comisión de futuras infracciones administrativas" (folio 573). Nos apartados seguintes dese escrito debulla o contido dese programa de defensa da competencia que, como sinala a SUBDIC no seu INFORME VPR 1/2024, componse dos seguintes aspectos:

(i) "Política de cumprimento en materia de competencia". OHLA indica no seu escrito de 4 de abril de 2024 que foi aprobada polo Consello de Administración en novembro de 2021. Sinala que está dispoñible, tanto na intranet a disposición de tódolos traballadores para o seu obrigado cumprimento (sen aportar tampouco certificado diso) como na propia páxina web de OHLA, o que si puido acreditar este Pleno. Achégase dita "Política de cumprimento en materia de competencia" como Doc. número 4. O documento aparece con data de outubro de 2021, non constan revisións nin de actualizacións do mesmo desde esa data.

(ii) Guía de cumprimento en materia de competencia. OHLA indica no seu escrito de 4 de abril de 2024 que foi aprobada polo Consello de Administración en xaneiro de 2022. Describe en 20 folios aspectos, recomendacións e pautas de comportamento en relación



coa normativa de competencia aplicable a todo o Grupo OHLA. Achega dita "Guía de cumprimento en materia de competencia" como doc número 5.

O documento aparece con data de xaneiro de 2022 e non consta de revisións nin de actualizacións do mesmo desde esa data. O propio documento indica na súa páxina 2 *"Histórico de revisiones: 0"*, a pesar de declarar na súa páxina 4 que *"La presente Guía deberá ser objeto de revisión periódica y/o modificación, si es preciso, con el objetivo de promover la revisión y mejora continua de la misma"*

A Guía sinala que a lexislación en materia de competencia aplicable é a do territorio no que se produzan as actividades comerciais, contén un anexo que enumera as principais lexislacións aplicables en materia de competencia en cada un dos países nos que o Grupo OHLA está presente.

A Guía sinala que é obrigación de todo o persoal reportar calquera feito, acto, conduta ou comportamento contrario á mesma, sinala que a Canle Ética de Comunicación esta accesible vía intranet, web e correo postal e indica estas vías.

A Comisión de Auditoría e Cumprimento é a encargada de velar que nas denuncias que se tramiten se analicen exhaustivamente os posibles incumprimentos da guía, garante a confidencialidade das denuncias e a ausencia de represalias de ningún tipo contra aqueles que as realicen. Advirte a posibilidade de consultar calquera dúbida en materia de competencia coa correspondente Asesoría Xurídica e pon ao dispor unha dirección electrónica da Dirección de Cumprimento para consultas, resolución de dúbidas e posta en coñecemento de propostas de mellora.

(iii) Programas de formación continua aos empregados en materia de competencia. Afirma OHLA que, para o persoal especialmente exposto en materia de competencia, se impartiu unha formación específica por parte dun experto externo, e para o resto dos empregados se desenvolveu un curso en liña que se impartiu a través da "Escuela OHLA".

A data da interposición do recurso contencioso-administrativo sinala OHLA que, do persoal convocado, o 79 % recibiu formación respecto diso. Non o acredita.

(iv) Matriz de riscos e mecanismos de control: Avalía os riscos aos que se atopa exposto OHLA e define os controis necesarios para a súa mitigación.



Conta cun mapa de riscos por división e achega a este respecto como Doc. número 6 a avaliación de riscos de competencia de OHL.

Identifica os controis necesarios para mitigar os riscos que se monitorizan a través dunha ferramenta de control interno corporativa denominada BWISE. As conclusións da monitorización sinalan que son reportadas periodicamente á Comisión de Auditoría e Cumprimento, sen acompañar documentación ou informe algún desas comunicacións á devandita Comisión, de se existiu algunha nin das frecuencias coas que se puideron realizar.

Achega a matriz de riscos e controis como Doc. número 7.

(v) Canal Ético de OHLA: Dispoñible para o persoal interno e os grupos de interese. En maio de 2023, adaptouse ás esixencias da Lei 2/2023 para dar lugar a un sistema Interno de Información de Irregularidades (SIII). Non aporta información algunha sobre ese SIII. Ademais, sinala OHLA que:

- Constituíuse o Comité de cumprimento como órgano responsable do SIII.
- Designouse ao director de Cumprimento como responsable da xestión do SIII.
- Aprobouse a Política de Comunicación de irregularidades e do Procedemento.
- Contrátase a plataforma "Whistleblower Software", ferramenta específica para cumprir coa Lei 2/2023 e o Regulamento xeral de Protección de Datos.

(vi) Dispoñibilidade dun director corporativo de cumprimento, nomeado pola Comisión de Auditoría e Cumprimento, cuxas funcións se anexan como Doc. número 8. O documento aparece con data de xaneiro 2022, facendo constar que se trata da quinta revisión.

Afirma que foi nomeado pola Comisión de Auditoría e Cumprimento e que as súas funcións son desempeñadas de forma independente e autónoma. Non xustifica esta afirmación e o documento n.º 8 parece que ten dependencia do Secretario do Consello de Administración de OHLA. Non achega contrato da persoa designada nin o seu CV.

(vii) Dispoñibilidade, na normativa interna de OHL, dun Sistema disciplinario que todos os traballadores de OHLA e persoal de dirección, están obrigados a coñecer e respectar.



O seu incumprimento implica a aplicación do réxime sancionador ou disciplinario. Adxunta como Doc. número 9 a catalogación e detección de incumprimentos normativos.

O documento aparece con data de maio 2022, facendo constar que se trata da segunda revisión.

Adicionalmente achega como proba da materialización do programa de defensa da competencia e da súa eficacia o “Modelo” de acordo de concorrencia en UTE a licitacións de OHLA. Doc. número 10.

OHLA conclúe que todo o anterior demostra que o seu programa de defensa da competencia é un programa de cumprimento eficaz que serve para cumprir cos obxectivos de prevención e reacción ante potenciais infraccións do Dereito da competencia e, en consecuencia, OHLA conta con, e implementa, medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas.

3.3.2. Solicitude de documentación pola SUBDIC

Como indicamos nos Antecedentes de feito con data 22 de novembro de 2024, a SUBDIC solicitou a OHLA que achegase documentación complementaria en relación ás medidas correctoras implantadas que poidan conducir á exención ou modulación da prohibición de contratar imposta pola Resolución R 6/2023. No devandito escrito a SUBDIC declara expresamente que “Para o cotexo e exame de documentación referida na cláusula anterior a fin de comprobar a suficiencia na adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas por parte de OHLA indicar que se valorarán os seguintes aspectos relacionados coa implantación de programas de cumprimento normativo ou programas de *compliance* conforme as guías e resolucións citadas” (folio 715). Os devanditos aspectos sobre os que se solicitou maior información foron:

1.- Investigacións internas realizadas ao obxecto de esclarecer os feitos obxecto do expediente S 14/2018.

Nela indícanse os criterios que a SUBDIC consideraba como necesarios para poder valorar como medida correctora a investigación interna que a empresa OHLA puidese realizar como consecuencia da incoación do expediente sancionador susceptible de xerar



responsabilidade á empresa. No escrito de solicitude de deixar sen efectos a prohibición de contratar imposta, a empresa non achega nin referencia á existencia de ningún tipo de investigación interna como medida reactiva ante esa incoación dun expediente sancionador por infracción do Dereito da Competencia.

Solicitaba a SUBDIC o momento en que tivera lugar a investigación interna, o procedemento seguido, o ámbito da investigación, cal foran os recursos asignados, a(s) persoa(s) encargada de levala a cabo, as consecuencias da mesma, a comunicación dos resultados da investigación aos empregados e a dirección.

Ao non achegar información algunha non podía acreditarse que ante a incoación do expediente sancionador a empresa adoptase medida algunha para esclarecer que era o que pasara, se se puxo en marcha unha investigación interna na empresa para valorar os feitos e se se incumpriu ou non o Código Ético da empresa por parte do seu persoal

2. Medidas disciplinarias contra o persoal implicado nas condutas.

Nestes indicios indícanse os criterios que a SUBDIC consideraba como necesarios para poder valorar esta medida correctora en caso de acreditarse a existencia de persoal implicado na actuación irregular tras a correspondente investigación interna. Por iso pedía acreditar a existencia dunha relación entre o cesamento ou dimisión e a conduta, que o cesamento ou dimisión fose o resultado directo de procedementos disciplinarios relacionados coa conduta, que se acreditase que non transcorrera un período demasiado dilatado entre o inicio da investigación interna e o cesamento ou dimisión e a comunicación da medida ao resto de empregados, a efectos disuasorios.

A empresa no seu escrito de solicitude, non achegara información algunha sobre a aplicación das devanditas medidas disciplinarias a pesar de sinalar que "(...) OHLA conta cun Sistema Disciplinario recolleito na súa normativa interna e baseado nun enfoque reactivo" e de anexar como documento n.º 9 a catalogación e detección de incumprimentos normativos.

3. Programa de cumprimento.

Sinalou a SUBDIC nese "requirimento de información" de data 22 de novembro de 2024, que para que puidese valorarse o Programa de Cumprimento como medida correctora adecuada, un programa debería de acreditar a súa implantación e o seguimento e



actualización do mesmo. Así sinalaba a SUBDIC que non parecía suficiente a remisión dun correo electrónico dirixido aos empregados e directivos da empresa matriz e filiais que se limite a informar sobre a política de cumprimento, salvo que se anexara ao correo un formulario co contido concreto das medidas e dos compromisos adquiridos pola empresa e se acompañase dos resultados da avaliación polos destinatarios.

4. Canle de denuncias.

A empresa no seu escrito no que solicita deixar sen efecto a prohibición de contratar imposta sinalaba que a Canle Ético de OHLA "(...) está disponible para el personal interno y los grupos de interés, y a través de dicho canal se pueden realizar expresamente comunicaciones y/o consultas respecto de posibles actuaciones irregulares contra la libre competencia" (folio 576). Na súa páxina web OHLA tamén sinala que, en cumprimento da Lei 2/2023, a empresa pon ao dispor dos seus empregados e os seus grupos de interese un Sistema Interno de Información de Irregularidades.

No seu "requirimento de información" a SUBDIC comunica á empresa os requisitos que a canle de denuncias debería de cumprir e que non se acreditan coa documentación achegada. Estes serían: carácter confidencial, existencia dun proceso verificable de investigación das alegacións de conduta indebida, acreditación da súa eficacia que pode facerse, entre outras fórmulas, demostrando que deu lugar á presentación efectiva de denuncias ou o seu incremento (no caso de que o que se estea valorando sexa a súa mellora) ou indicando o curso que se deu ás denuncias presentadas.

OHLA, a pesar de indicar na páxina web que as denuncias se tratasen coa máxima confidencialidade, non acredita as medidas adoptadas para garantir o seu carácter confidencial, o sistema de implantación da Canle de Denuncias, quen son os responsables do mesmo nin o sistema de tratamento e protección dos datos persoais. Non achega tampouco o funcionamento efectivo da devandita canle nin o número de denuncias que se presentaron nin o curso que se lle deu ás mesmas, así como tampouco as decisións e resultados. De aí o "requirimento de información" da SUBDIC.

5. Comités ou supervisor de xestión e prevención de riscos.



OHLA, como vimos e aparece na documentación achegada pola empresa, fai unha referencia ao nomeamento dun director corporativo de cumprimento. Non acredita a súa experiencia e antigüidade, as actividades que desenvolveu, como é o seu sistema de rendición de contas, o equipo de traballo co que conta nin tampouco a vinculación que as súas decisións poidan ter para a empresa.

No seu "requirimento de información" a SUBDIC solicita a OHLA a acreditación destes e outros extremos para garantir a eficacia da implantación dun director corporativo de cumprimento

6. Adopción de procedementos e políticas en materia de ética.

Tamén solicita a SUBDIC máis información na medida en que a aplicación efectiva dos códigos e políticas implantadas ten que traducirse en accións concretas, o que debería acreditarse adecuadamente, polo que considera como insuficiente o lanzamento dunha enquisa dirixida ao persoal co fin de avaliar o coñecemento dos códigos/políticas en cuestión se non se achegan datos sobre os resultados da enquisa nin as súas consecuencias. E tamén solicita información sobre a autonomía dos comités de seguimento e a súa actividade real.

A empresa indica que se procedeu a constituír un Comité de Cumprimento, como órgano colexiado responsable do Sistema Interno de Información de Irregularidades, e que o Consello de Administración aprobou o Procedemento do Sistema Interno de Información de Irregularidades, pero sen informar de nada máis.

7. Formación de empregados.

Sobre a mesma a empresa afirma que se impartiu, para o persoal especialmente exposto en materia de competencia, unha formación específica por parte dun experto externo, e para o resto dos empregados desenvolveuse un curso en liña que se impartiu a través da "Escola OHLA". Non certifica a empresa cal é o perfil do persoal que recibiu esta formación, non certifica quen a impartiu, nin acredita o aproveitamento deste curso por parte dos seus destinatarios.

Declara que, na data da interposición do recurso contencioso-administrativo, do persoal convocado, o 79 % recibiu formación respecto diso. De novo non certifica que empregados foron convocados a esa formación, tampouco a porcentaxe de participación



dos que foron convocados e non acredita o aproveitamento polos empregados asistentes.

Pola insuficiencia da información presentada á SUBDIC, para poder valorar dita formación como medida correctora adecuada, requiriu a OHLA que acreditase se a formación tiña carácter obrigatorio, que se identificasen as categorías de empregados aos que ía destinada, a porcentaxe de asistencia dos empregados, respecto dos efectos reais nos coñecementos efectivos dos empregados se iso se acreditaba mediante a realización de exames ou test.

8. Instrumentos de competencia na contratación laboral.

A empresa non achegou información sobre as medidas de competencia na contratación laboral polo que a SUBDIC solicitou documentación sobre a incorporación ou non de cláusulas de non competencia nos contratos do persoal, a relación dos contratos que nos últimos 5 anos incorporaron cláusulas de non competencia e os instrumentos utilizados para garantir medidas de garantía de competencia nos contratos laborais.

9. Información adicional.

Por último, a SUBDIC requiriu información sobre sancións firmes impostas por autoridades de competencia, información sobre sancións impostas por autoridades de competencia pendentes de sentenza, informe sobre os expedientes incoados por infracción da normativa de competencia por autoridades de competencia e Informe sobre as prohibicións de contratar impostas por infraccións graves por falseamento da competencia.

A empresa a pesar de solicitar a concesión dun prazo adicional de 7 días hábiles para achegar a devandita información (folios 728 e 729), e ser outorgado dito prazo pola SUBDIC (folios 734 a 736), contesta ao devandito "requirimento de información" o día 26 de decembro de 2024 non achegando nada do solicitado, manifestando que non dispón de información adicional a xa achegada e indicando que a SUBDIC xa dispón de toda a información necesaria.

Como vimos, o obxecto desta resolución é comprobar se se cumpren os requisitos establecidos no artigo 72.5 da LCSP que xustifiquen a revisión da prohibición de contratar imposta á empresa OHLA na Resolución 6/2023, para o que será necesario



examinar se as medidas específicas implementadas por OHLA, de acordo coa documentación que achega como programa de defensa da competencia, son suficientes ou non para a finalidade pretendida de prevención e/ou detección e reacción ante infraccións da LDC cometidas, é dicir, examinar se son eficaces. Para iso este Pleno analizará se aqueles indicadores orientadores comunicados pola SUBDIC á empresa están ou non incorporados no mencionado programa.

3.4 ANÁLISE DO PROGRAMA DE DEFENSA DA COMPETENCIA PRESENTADO POR OHLA

Para os efectos de examinar e valorar se as medidas específicas implementadas por OHLA, de acordo coa documentación que achega como programa de defensa da competencia son suficientes e eficaces para as finalidades pretendidas de prevención ou de detección e reacción de condutas infractoras da normativa de competencia debemos de ter en conta unha serie de indicadores de avaliación e que a SUBDIC identifica na táboa anexa ao seu Informe de data 22 de novembro de 2024. Sinala a SUBDIC que para a elaboración deses indicadores de avaliación seguiu:

- a) Os criterios da "Guía de Programas de Cumprimento Normativo" da CNMC, así como documentos e guías publicados por outras autoridades de competencia do País Vasco, Cataluña, Francia, Italia, Reino Unido ou a Comisión Europea, os cales inclúen indicadores similares para a avaliación da eficacia dos programas de cumprimento normativo aplicados.
- b) A Sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea (TG) de 02.10.2024 no recurso T-126/23 EU-OSHA, no que o TX se pronuncia sobre a valoración de medidas correctoras.
- c) A resolución do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia da Autoridade Catalá da Competencia (TCDC da ACCO) no asunto n.º V- 100/2018, Aerobús, na cal se enumeran sete criterios ou indicadores a ter en conta coa finalidade de que un programa de cumprimento normativo poida considerarse eficaz.

Para esta análise este Pleno terá en conta e examinará, ademais da "Guía de Programas de Cumprimento Normativo" da CNMC e a información e documentación achegada por OHLA, o carácter do programa de cumprimento de OHLA como *ex ante* ou *ex post*, o recoñecemento ou non dos feitos polo solicitante, a sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024, a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 10 de xuño de 2021



así como as Resolucións do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia do 22 de novembro de 2021 e do 26 de xullo de 2023, entre outros elementos.

3.4.1.- Achega de información por OBRASCON HUARTE LAIN, S.A

Este Pleno considera convinte destacar a resposta da empresa ao "requirimento de información" da SUBDIC de data 22 de novembro de 2024, que se solicitou coa finalidade de acreditar, achegando evidencias, o cumprimento dos indicadores que servirían para valorar se o programa de *compliance* normativo así como o resto da documentación achegada por OHLA incorporaba medidas técnicas, organizativas e de persoal apropiadas para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas. Como sinala a Guía de Programas de Cumprimento Normativo da CNMC

"La CNMC podrá valorar la eficacia de un programa de cumplimiento y, en particular, de las medidas reactivas que pueda incluir en lo que se refiere a la colaboración activa y eficaz con la autoridad una vez detectada la infracción en particular, en el marco de un procedimiento administrativo sancionador, de cara a las medidas correctoras previstas en el artículo 72.5 de la LCSP o en el marco de una terminación convencional."

A pesar da textualidade do escrito enviado pola SUBDIC no que indicaba que a documentación solicitada tiña por obxectivo "(...) comprobar a suficiencia na adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas por parte de OHLA (...) " a empresa, despois de solicitar ampliación de prazo para "(...) para aportar la referida información, debido a la amplitud y variedad de la información que se requiere" e ser concedida esa ampliación, non presentou documentación algunha afirmando que:

"10. Por ello, habiendo realizado durante el plazo concedido las debidas gestiones y análisis internos para dar respuesta al Requerimiento de Información, concluye que no dispone de información adicional a la ya aportada a la CGC durante el procedimiento administrativo (...) " (folio 739)

De tal maneira que o único esforzo argumentativo de OHLA para xustificar a falta de colaboración coa CGC neste expediente foi entender que a empresa non dispón de información adicional á que xa achegara, polo que debe de concluírse que, por exemplo e sen ser exhaustivos, a empresa:



- a) non dispón de información sobre o equipo de traballo e persoal a cargo do Director de Cumprimento.
- b) non dispón de información sobre o momento en que tivo lugar a investigación interna que afirma levou a cabo na empresa, nin do procedemento seguido, nin do ámbito da investigación, nin dos recursos asignados.
- c) non dispón de información sobre quen é o autor do programa de cumprimento de OHLA.
- d) non dispón de información sobre se se presentaron ou non denuncias á Canle de Denuncias da empresa.
- e) non dispón de información sobre a experiencia do supervisor de riscos ou dos membros do comité para a detección, prevención e xestión de riscos.
- f) non dispón de información da actividade real do comité de seguimento do código ético.
- g) non dispón de información sobre os efectos reais nos coñecementos efectivos dos empregados que participaron nos cursos de formación.
- h) que non coñece se os empregados de OHLA asistiron ou non a cursos de formación desde o 29 de marzo de 2023.
- i) non dispón de información sobre expedientes incoados á empresa por infracción da normativa de competencia ou das sancións firmes impostas por autoridades de competencia.

Conclusión á que se ten que chegar xa que:

- a) OHLA declara que non dispón de "información adicional" á xa "achegada durante o procedemento administrativo" sobre os temas (indicadores) incluídos no "requirimento de información" da SUBDIC de data 22 de novembro de 2024 e
- b) que durante o procedemento administrativo OHLA non achegou información nin documentación algunha sobre eses temas.

Hai que lembrar que a carga da proba relativa á implantación das medidas técnicas, organizativas e de persoal concretas e adecuadas para evitar ou detectar e reaccionar ante novas infraccións, de conformidade co previsto no artigo 72.5 da LCSP, recae sobre a empresa



que pida a revisión da prohibición de contratar imposta, como neste sentido xa sinalou a ACCO⁸ na súa Resolución de data 22 de novembro de 2021, na que cita a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 10 de xuño de 2021, sobre a aplicación do artigo 72.5 da LCSP que se refire á necesidade de acreditación dos requisitos legais esixidos, e na que se afirma textualmente:

“La LCSP es muy clara a la hora de exigir la acreditación de las dos condiciones que establece. En este caso, el término acreditación tiene un contenido técnico-jurídico que lo identifica con la prueba de tales circunstancias. En este sentido, es importante destacar que, como en cualquier procedimiento administrativo, no bastaría la mera alegación genérica de ambas exigencias legales, sino que el interesado en hacerlas valer ha de emplear medios de prueba suficientes que las acrediten en todos los extremos a los que posteriormente aludiremos.”⁹

3.4.2.- Programa *ex ante* ou *ex post*

Sinalar tamén que a documentación achegada tanto no escrito do 4 de abril de 2024 como durante o procedemento administrativo por OHLA é, fundamentalmente, a seguinte:

Documento Política de cumprimento en materia de competencia, de data outubro de 2021. Aprobada en consello do 10 de novembro de 2021. Sen revisión. Doc. n.º 4 dos achegados coa “Solicitud de inaplicación” da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024 e Doc. n.º 2 dos achegados coa Proposta definitiva de compromisos para a Terminación Convencional do expediente sancionador presentada por escrito do 31 de marzo de 2023.

Guía de cumprimento en materia de competencia, de data xaneiro 2022. Aprobada en consello de xaneiro 2022. Sen revisión. Doc. n.º 5 dos achegados coa “Solicitud de inaplicación” da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024 e Doc. n.º 1 dos achegados coa Proposta definitiva de compromisos para a Terminación Convencional do expediente sancionador presentada por escrito do 31 de marzo de 2023.

Avaliación de riscos de competencia. Sen data. Doc. n.º 6 dos achegados coa “Solicitud de inaplicación” da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024.

⁸ Resolución de data 22 de novembro de 2021 ditada no asunto n.º V-100/2018 Aerobús

⁹ Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado de 10 de xuño de 2021, sobre a aplicación do artigo 72.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



Matriz de riscos e mecanismos de control. Sen data. Doc. n.º 7 dos achegados coa "Solicitud de inaplicación" da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024.

Relación das funcións do director de cumprimento. Xaneiro 2022. Número de revisións 5. Doc. n.º 8 dos achegados coa "Solicitud de inaplicación" da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024.

Catalogación e detección de incumprimentos normativos. Mayo 2022. Número de revisións 2. Doc. n.º 9 dos achegados coa "Solicitud de inaplicación" da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024.

Modelo de acordo de concorrencia en UTE a licitacións de OHLA. Sen data. Doc. n.º 10 dos achegados coa "Solicitud de inaplicación" da prohibición de contratar presentada por escrito do 4 de abril de 2024 e Doc. n.º 5 dos achegados coa Proposta definitiva de compromisos para a Terminación Convencional do expediente sancionador presentada por escrito do 31 de marzo de 2023.

Certificación emitida en relación coa formación impartida en materia de competencia o 15 de febreiro de 2022. Data 29 de marzo de 2023. Doc. n.º 3 dos achegados coa Proposta definitiva de compromisos para a Terminación Convencional do expediente sancionador presentada por escrito do 31 de marzo de 2023.

Certificado emitido pola sociedade Quid Business Solutions, encargada de xestionar e administrar a plataforma de formación Online da Escola Grupo OHLA. Data 29 de marzo de 2023. Doc. n.º 4 dos achegados coa Proposta definitiva de compromisos para a Terminación Convencional do expediente sancionador presentada por escrito do 31 de marzo de 2023.

A documentación achegada por OBRASCÓN HUARTE LAIN S.A. e a súa data de elaboración pódese observar no Cadro 1:

CADRO 1. Documentación achegada por OHLA



DENOMINACIÓN	APORTADO	DATA	REVISIÓN
Política de cumprimento en materia de competencia	4 de abril 2024 31 de marzo 2023	outubro de 2021	NON
Guía de cumprimento en materia de competencia	4 de abril 2024 31 de marzo 2023	xaneiro 2022	NON
Avaliación de riscos de competencia	4 de abril de 2025	sen data	NON
Matriz de riscos e mecanismos de control.	4 de abril de 2024	sen data	NON
Relación das funcións do director de cumprimento	4 de abril de 2024	xaneiro 2022	CINCO
Catalogación e detección de incumprimentos normativos	4 de abril de 2024	maio 2022	DOUS
Modelo de acordo de concorrencia en UTE	4 de abril de 2024 31 de marzo 2023	sin data	NONÑ
Certificación emitida en relación coa formación impartida	31 de marzo 2023	marzo 2023	X
Certificado emitido pola sociedade Quid Business Solutions	31 de marzo 2023	Marzo 2023	X

Conforme a ela habería que facer mención a que este é un programa en parte ex ante e en parte ex post, é dicir, de implementación en parte anterior e en parte posterior á apertura dun procedemento sancionador por parte da CGC. Este programa de cumprimento iníciase en parte antes da incoación do expediente sancionador S 14/2018 – Licitación urbanización de Consorcio Zona Franca de Vigo a OHLA (a data de incoación foi o 11 de febreiro de 2022) onde, tal como se dixo, conclúíuse co establecemento da prohibición de contratar á empresa OHLA no que respecta a calquera contrato de obras convocado por calquera Administración Pública no ámbito territorial da provincia de Pontevedra durante seis meses a contar desde a firmeza da Resolución. Hai que indicar que en termos xerais valóranse de forma máis positiva os programas ex ante, é dicir, aqueles adoptados e implementados antes da detección da infracción, tal como o recolle a Guía de Programas de Cumprimento Normativo da CNMC "(...) la CNMC normalmente valorará más positivamente un programa de cumplimiento eficaz ex ante que la promesa cierta de implantación o mejora de un programa de cumplimiento ex post." Neste sentido a CNMC manifestou na súa resolución de 6 de setembro de 2016, aprobada no Expte. S/DC/0544/2014, Mudanzas Internacionais, que: "Igualmente, esta Sala de competencia ha puesto de manifiesto que, si bien la adopción de medidas de cumplimiento una vez iniciada la instrucción de un expediente sancionador refleja formalmente la voluntad cumplidora de la empresa, el efecto real de tales medidas a efectos del respeto de la normativa de competencia solo podrá valorarse en fase de vigilancia de la resolución sancionadora, lo cual no impide que,



en función de las circunstancias del caso concreto, pueda ser considerado como elemento moderador de la sanción.”

Pero tamén os programas de cumprimento *ex post* poden ser obxectivo de valoración positiva cando son mostra da reacción efectiva da empresa en canto ten coñecemento de posibles actuacións ilícitas e cando o adopta como instrumento para corrixilos. Así a CNMC na resolución de 11 de maio de 2021, ditada no expediente Expte. S/DC/0627/18, Consultoras declarou que: “Tras la incoación de este expediente, en octubre de 2019, se adoptó formalmente un manual de prevención de riesgos en derecho de la competencia. El manual incluye metodología, prevención y análisis de riesgos; canal de denuncias, referencia al programa de clemencia, y protocolo de actuación de la unidad de cumplimiento y ante la CNMC u otras autoridades de competencia.” e que “El contenido de las medidas pone de manifiesto la voluntad cumplidora de INDRA en relación con la normativa de la defensa de la competencia.” Por último, na resolución de 19 de xullo de 2023, ditada no expediente Expte. S/00008/21, de Licitacións de material militar declara a CNMC que “En el presente expediente, SDLE, JPG y CASLI presentan programas de cumplimiento ex post, es decir, posteriores al conocimiento de la infracción por la autoridad de competencia.” e analiza a continuación cada un deses programas de cumprimento.

3.4.3.- Recoñecemento ou non dos feitos

Outro elemento que a CNMC valora na súa Guía de cumprimento é o recoñecemento dos feitos acreditados pola autoridade de competencia como unha evidencia do compromiso de cumprimento por parte da empresa infractora das normas de defensa da competencia. Neste sentido a CNMC na súa Guía nos supostos de Infracción moi grave constitutiva de cártel sinala que

“En el caso de que la empresa no se haya acogido al programa de clemencia en virtud de los artículos 65 y 66 de la LDC, su colaboración activa y eficaz con la CNMC desde el inicio de una investigación junto con el reconocimiento de los hechos constatados por la CNMC, constituye evidencia del compromiso de la empresa con el cumplimiento de las normas de defensa de la competencia, pudiendo ser considerado a los efectos de atenuar su responsabilidad”¹⁰.

¹⁰ Subliñado que non existe no documento orixinal.



Así mesmo, en relación cos programas de cumprimento *ex post*, volve a CNMC a reiterar esta mesma regra ao afirmar na Guía que:

“La CNMC valorará si el diseño de dicho programa de cumplimiento o de su mejora, así como su colaboración activa y eficaz durante el procedimiento, incluyendo el reconocimiento de los hechos, se acomoda a las consideraciones expuestas en esta guía respecto a la eficacia de este tipo de programas a los efectos de una posible modulación de la sanción en el expediente sancionador en curso, sin perjuicio del artículo 72.5 de la LCSP.”

Neste caso a empresa OHLA non só non recoñece os feitos senón que manifesta reiteradamente que non cometeu actuación anticompetitiva algunha.

Así o declara no seu escrito de “contestación ao requirimento de información” da SUBDIC de data do 26 de decembro de 2024 ao afirmar que

“(…) esta parte ha defendido y acreditado durante el Procedimiento sancionador tramitado en vía administrativa que (i) no ha realizado, como persona jurídica, ninguna conducta que considere que pueda ser reprochable desde una perspectiva jurídica, y que (ii) tampoco ha detectado la comisión, por parte de ninguna persona física empleada por esta parte y que haya tenido relación con los hechos objeto de investigación en el procedimiento sancionador, de ninguna infracción de la normativa de competencia.”

e repíteo na súa demanda de recurso contencioso administrativo fronte á Resolución de 6/2023 da CGC ditada no expediente S/14/2018, ao manifestar que: “115. contrario de lo expuesto por la CGC en la Resolución, la actuación de OHLA ha sido conforme a la legalidad ya que la constitución de una UTE con Avan respondía a una legítima estrategia empresarial” Mesmo un dos puntos básicos do seu escrito de demanda englóbase baixo a denominación de “La licitud de la conducta de OHLA” (puntos 142 a 148)

3.4.4.- Sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024

É necesario facer referencia a esta sentenza¹¹ que, aínda sen ser firme, establece importantes indicacións sobre os requisitos que deben de acreditar os programas de cumprimento normativo para os efectos de levantar unha prohibición de contratar. No asunto analizado pola sentenza o demandante consideraba que adoptara as medidas correctoras suficientes e que

¹¹ Sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024, VC/EU-OSHA, T-126/23, EU:T:2024:666.



mesmo desde o ano 2018 non incorrera en ningunha práctica anticompetitiva o que, segundo el, demostraba que o sistema de cumprimento que establecera tiña a fiabilidade requirida. Con todo, a sentenza, despois de analizar as medidas correctoras alegadas polo operador económico, considerou que devandito programa non era o suficientemente adecuado para demostrar a súa eficacia.

Así dispón nos apartados 71 e 72 que

“(…) a persoa ou entidade de que se trate non pode limitarse a probar a adopción de novas normas internas ou o establecemento de novas entidades, senón que debe demostrar a súa aplicación e a súa eficacia, que son as únicas capaces de «corrixir» un comportamento que efectivamente se produciu, ata o punto de xustificar unha exclusión. Por tanto, non pode reprocharse á EU-OSHA impoñer á demandante, ao esixir tales probas, un nivel de proba desmesurado e desproporcionado, con máis motivo que, como cabe lembrar, o motivo de exclusión en cuestión baséase nun elemento esencial da relación entre o adxudicatario do contrato e o poder adxudicador, a saber, a fiabilidade do primeiro, na que se funda a confianza que o segundo deposita nel (véxase a sentenza do 21 de decembro de 2023, Infraestruturas de Portugal e Futrifer Indústrias Ferroviárias, C-66/22, EU:C:2023:1016, apartado 76 e xurisprudencia citada).

72 No caso de autos, a demandante presentou probas para demostrar que adoptou as seguintes medidas correctoras:

- unha investigación interna;
- o cesamento das persoas implicadas na conduta;
- un programa de cumprimento;
- o seguimento e a actualización do programa de cumprimento;
- a mellora da canle de denuncias;
- a existencia de comités de xestión e prevención de riscos;
- a adopción de políticas e procedementos en materia de ética,
- e a formación dos empregados.”



3.4.5.- Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 10 de xuño de 2021.

A xa citada Recomendación establece os requisitos que, en relación coas medidas adoptadas a efectos da aplicación do artigo 72 da LCSP, deben de concorrer para a súa aplicación e que son:

1º) requisito de idoneidade: “a medida debe ser apropiada para previr e responder ante condutas como a sancionada. Neste sentido, non permitirían a aplicación da norma aquelas medidas que, ben pola súa excesiva inconcreción ou ben pola súa distancia cos feitos que motivan a imposición da sanción ou da condena xudicial, non resulten adecuadas para evitar, na medida do posible, que esas condutas ilícitas volvan producirse en diante. Debe existir unha relación directa e patente entre a conduta sancionada e a finalidade das medidas que se adoptaron. Doutro xeito non caberá a aplicación do precepto. Tal relación de idoneidade debe resultar de modo inequívoco da documentación achegada polo interesado.”;

2º) requisito de temporalidade: “(...) as medidas deben ser posteriores á comisión da infracción sancionada. Obviamente, esta circunstancia exclúe todas aquelas medidas que fosen coetáneas ou anteriores á comisión da infracción cando resulte patente que non se demostraron obxectivamente indicadas para evitala. Neste sentido, resulta imprescindible que o interesado defina temporalmente a aplicación de cada unha das medidas que xulgue meritorias para xustificar a non declaración da prohibición de contratar.”, e

3º) requisito de aplicabilidade: “as medidas non se deben cingir a ser unha mera descrición de comportamentos esperables, desexables ou esixidos imperativamente pola lei, senón que, de conformidade coa finalidade da norma, deben ser aplicadas de forma efectiva e fiable co fin de contribuír a evitar a comisión futura de infraccións como a que se sancionou e que dá lugar á posible existencia dunha prohibición de contratar. Parece evidente que, se a lei permite recuperar a fiabilidade e honorabilidade perdidas para os efectos de contratar co sector público, perda que a Directiva 24/2014/UE destaca como fundamento da imposición dunha prohibición de contratar, é porque se adoptou unha



conduta dilixente tendente a reparar o dano e a evitar a comisión de infraccións como a que provocou a súa perda, non podendo ser suficiente para estes efectos con meras medidas xerais. Outra conclusión convertería este precepto en estéril e inútil.” (...) A medida debe ser aplicada realmente na entidade sancionada. (...) Neste sentido tamén cabería calquera outro medio de proba do que se poida deducir, sen xénero de dúbida, que a medida se aplica na práctica, aínda que non un mero informe sen ulterior declaración para o efecto ou a simple achega de documentación da que non se deduza a súa eficacia interna para o operador económico.”

3.4.6.- Resolucións do Tribunal Catalán de Defensa da Competencia do 22 de novembro de 2021 e do 26 de xullo de 2023.

Nestas resolucións o Tribunal Catalán de Defensa da Competencia da Autoridade Catalá de Defensa da Competencia (ACCO)¹² examinou as solicitudes presentadas por empresas para a revisión das prohibicións de contratar impostas ás mesmas en resolucións da devandita autoridade autonómica da competencia e en ambas a ACCO denegouna por entender que non cumprían con todos os requisitos establecidos no artigo 72.5 da LCSP. Os criterios recolleitos nesas resolucións, polo seu carácter exhaustivo e concreto, van ser tidos en conta por este Pleno para os efectos de valorar a solicitude presentada pola empresa OHLA.

A empresa OHLA, no seu escrito de “solicitude de inaplicación” da prohibición de contratar do 4 de abril de 2024, tamén fai mención á Resolución do 7 de marzo de 2024 da ACCO¹³ como exemplo de aplicación de levantamento da prohibición de contratar imposto por unha Autoridade Autonómica a vestir da efectividade de determinados programas de cumprimento da normativa de Dereito da competencia. Sen embrago trátase dun suposto totalmente estraño ao que agora examinamos xa que a empresa que se viu eximida da prohibición de contratar foi por acollerse ao programa de clemencia, algo que a empresa OHLA non fixo no expediente S14/2018-LICITACIÓN URBANIZACIÓN ZONA FRANCA VIGO. Nesta Resolución do 7 de marzo de 2024 a ACCO afirma que:

“iii) El artículo 72.5 de la LCSP dispone que la prohibición de contratar no se aplicará a aquellas empresas solicitantes de exención del pago de la multa que se hayan acogido al programa de clemencia, y de forma concordante, el artículo 65.4 de la LDC establece

12 Resolucións do 22 de novembro de 2021 ditada no asunto n.º V- 100/2018, Aerobús e do 26 de xullo de 2023 ditada no asunto n.º V- 100/2018 bis – V 102/2019, Aerobús.

13 Resolución do 7 de marzo de 2024 dictada no expediente n.º 101/2018 - L9/L10 Metro.



que “la exención prevista en el apartado 1 comprenderá también la de la prohibición de contratar prevista en el artículo 71 de la Ley 9/2018, de 8 de noviembre, de contratos del sector público”.

De conformidade co anterior, SIEMENS SA e SIEMENS RAIL AUTOMATION SA exímense da aplicación da prohibición de contratar do artigo 71.1.b) da LCSP.”

Nas resolucións do 22 de novembro de 2021 e do 26 de xullo de 2023 a ACCO, como tamén fixo a SUBDIC neste expediente, acordou a necesidade de establecer unha serie de indicadores para os efectos de considerar se era adecuado e eficaz o programa de cumprimento que achegaran as empresas para os efectos da revisión da prohibición de contratar. A fixación deses indicadores servirá á autoridade de competencia para que, unha vez examinada a documentación achegada polo propio operador económico e a que achega a requirimento da autoridade, se pode acreditar ou non que existen na empresa instrumentos adecuados, apropiados, concretos, idóneos, realmente implementados e eficaces, apropiados para evitar futuras infraccións e que demostren a vontade real da empresa no cumprimento da normativa de competencia.

Tamén sinala a ACCO que “(...) no existe un único modelo de programa de cumplimiento válido para la totalidad de los operadores, de manera que cada empresa tiene que adecuar su programa a sus características, como el sector de actividad en que actúa, la dimensión, recursos o la exposición a los riesgos reales o potenciales, en este caso, para la competencia”¹⁴. E lembra que a carga da proba relativa á implantación de medidas técnicas, organizativas e de persoal concretas e adecuadas para evitar ou detectar e reaccionar ante novas infraccións, corresponde, de conformidade co artigo 72.5 da LCSP ás empresa que pida a revisión da prohibición de contratar imposta¹⁵.

Nestas resolucións valorouse o recoñecemento dos feitos por parte da empresa incoada, e a colaboración plena na investigación e achega de probas directas da participación na conduta infractora,

3.5.- ACREDITACIÓN POR OHLA DA ADOPCIÓN DE MEDIDAS TÉCNICAS, ORGANIZATIVAS E DE PERSOAL APROPIADAS PARA EVITAR A COMISIÓN DE FUTURAS INFRACCIÓNS ADMINISTRATIVAS.

¹⁴ Resolución da ACCO do 22 de novembro de 2021 ditada no asunto n.º V- 100/2018, Aerobús

¹⁵ Resolucións da ACCO do 22 de novembro de 2021 ditada no asunto n.º V- 100/2018, Aerobús e do 26 de xullo de 2023 ditada no asunto n.º V- 100/2018 bis – V 102/2019, Aerobús.



Como sinalamos, para os efectos de valorar se o programa de cumprimento normativo presentado por OHLA é adecuado, suficiente, actualizado e eficaz para a finalidade pretendida de evitar a eventual comisión de futuras infraccións administrativas en dereito da competencia, é preciso ter en conta unha serie de indicadores que a SUBDIC determina no seu “requirimento de información” de data 22 de novembro de 2024 como necesarios para acreditar a suficiencia na adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas.

Como vimos e segundo dispón o art. 72.5 da LCSP, a carga da proba relativa á implementación destas medidas técnicas, organizativas e de persoal que sexan concretas e apropiadas para evitar ou detectar e reaccionar ante novas infraccións incumbe ao interesado, xa que a el lle corresponde acreditarlas, como sinalou a ACCO na súa Resolución de data 22 de novembro de 2021¹⁶.

O informe da SUBDIC de data 12 de febreiro de 2025 conclúe indicando que as medidas técnicas, organizativas e de persoal adoptadas por OHLA para evitar a comisión de futuras infraccións administrativas resultan insuficientes e non teñen entidade suficiente como para acordar o levantamento da prohibición de contratar imposta, polo que propuxo ao Pleno CGC a non exención ou modulación da mesma ao non concorrer o segundo dos requisitos previsto no artigo 72.5 LCSP.

A SUBDIC sinalou no seu “requirimento de información” de data 22 de novembro de 2024 que, para o cotexo e exame de documentación achegada pola empresa a fin de comprobar a suficiencia na adopción de medidas técnicas, organizativas e de persoal implantadas, valoraríanse os seguintes aspectos relacionados coa implantación de programas de cumprimento normativo ou programas *de compliance* que son: 1) investigacións internas realizadas ao obxecto de esclarecer os feitos obxecto do expediente S 14/2018, 2) medidas disciplinarias contra o persoal implicado nas condutas, 3) programa de cumprimento, 4) canle de denuncias, 5) comités ou supervisor de xestión e prevención de riscos, 6) adopción de procedementos e políticas en materia de ética, 7) requisitos que debe satisfacer a formación

¹⁶ Resolución de data 22 de novembro de 2021 ditada no asunto n.º V-100/2018 Aerobús. Como vimos, nesta Resolución a ACCO cita a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado do 10 de xuño de 2021, sobre a aplicación do artigo 72.5 da LCSP que se refire á necesidade de acreditación dos requisitos legais esixidos: “A LCSP é moi clara á hora de esixir a acreditación das dúas condicións que establece. Neste caso, o termo acreditación ten un contido técnico-xurídico que o identifica coa proba de tales circunstancias. Neste sentido, é importante destacar que, como en calquera procedemento administrativo, non bastaría a mera alegación xenérica de ambas as esixencias legais, senón que o interesado en facelas valer ha de empregar medios de proba suficientes que as acrediten en todos os extremos aos que posteriormente aludiremos.”



dos empregados, 8) medidas para favorecer a competencia na contratación laboral, 9) información adicional sobre sancións e prohibicións de contratar impostas por autoridades de competencia. (Folio 715 a 719). Para iso enviou á empresa os indicadores referidos nesa relación nunha táboa anexa. (Folios 724 a 726)

1. Investigacións internas realizadas ao obxecto de esclarecer os feitos obxecto do expediente S 14/2018.

A posta en marcha dunha investigación interna dentro da empresa unha vez que esta ten coñecemento da existencia do expediente sancionador, iniciado coa finalidade de esclarecer os feitos e determinar a orixe da situación que podería ser a causa desa actuación ilícita, pódese considerar como unha medida correctora moi adecuada que mostra esa vontade da empresa de coñecer, emendar, rectificar e evitar no futuro a comisión deses feitos.

A pesar do anterior, a empresa OHLA non proporcionou á CGC información algunha sobre a investigación interna que afirma realizar. Só declara na súa "contestación ao requirimento de información" que "(...) esta parte levou a cabo una investigación en el seno de su propia organización para analizar y esclarecer los hechos objeto del Procedimiento sancionador. La existencia y el resultado de dicha investigación interna se evidencian en las consideraciones, manifestaciones y acreditaciones proporcionadas por esta parte durante toda la tramitación de dicho Procedimiento sancionador en vía administrativa" (Folio 739).

Non achega documentación nin máis información sobre iso. Así, sobre esa "investigación interna" que indica a empresa realizar, non achega documentación nin acredita:

- a) en que data tivo lugar,
- b) cal foi o procedemento seguido,
- c) cal foi o ámbito da investigación,
- d) cales foron os recursos asignados para a devandita investigación,
- e) quen foron as persoas encargadas de levala a cabo,
- f) cales son as consecuencias extraídas da mesma nin a comunicación que se fixo dos seus resultados aos empregados e á dirección.



Nada disto foi documentado nin acreditado por OHLA a pesar de ser requirido expresamente pola SUBDIC (Folios 715-716).

A CGC carece de información algunha sobre aspectos esenciais da investigación que a empresa afirma realizar. Así a CGC descoñece, xa que OHLA non lle facilitou nin información nin documentación, a duración desta investigación, a súa data de inicio e finalización, o procedemento empregado, cales foron os recursos empregados (materiais e humanos), os resultados da devandita investigación e a comunicación que deses resultados se trasladaron aos empregados e aos directivos. Ademais, non se acredita que esa investigación servise para identificar o problema causante da infracción, nin os procesos ou persoas involucradas nin a adopción de medidas concretas para evitar que se reproduza. Por iso, para os efectos de evitar ou detectar e reaccionar ante novas infraccións da normativa *anti-trust*, non pode apreciar este Pleno diferenza algunha entre a investigación interna que a empresa OHLA comunicou á CGC que realizara e o non realizar investigación algunha.

Polo anterior, non pode considerarse que esa investigación interna que OHLA declara realizar, poida considerarse como unha medida correctora eficaz nin serve para acreditar a firme vontade de corrixir a situación e evitar que esta se volva a reproducir. Debemos sinalar que non é efectivo un “Programa de Defensa da Competencia” cando as medidas no contempladas non se aplican e aparecen tan só como unha mera descrición de comportamentos sen que realmente se empreguen.

A importancia da execución efectiva dunha investigación interna por parte dunha empresa investigada nun expediente sancionador por incumprimento da LDC como medida para acreditar a vontade cumpridora dunha empresa en relación coa normativa da defensa da competencia, destácaa a CNMC na súa Resolución do 11 de maio de 2021 ditada no expediente S/DC/0627/18, CONSULTORAS. Nela resalta o labor dunha das empresas (INDRA), e considera que as súas actuacións cumpriron as esixencias para ser valoradas como circunstancia atenuante en consonancia coa Guía de cumprimento publicada pola CNMC. Entre as medidas adoptadas por esa empresa unha delas foi a da posta en marcha dunha investigación interna efectiva e acreditada ante a CNMC, que proporcionou información da actuación de INDRA e implicou medidas reactivas fronte ao persoal. Así sinala a CNMC que:



"INDRA describiu tamén, en relación con este expediente concreto e unha vez tivo acceso aos documentos do expediente, a posta en marcha dunha investigación interna na empresa"

"(...) a empresa, tras a PR, revisou de novo a investigación interna efectuada por se puidese existir algún email, documento, ou indicio adicional que achegar en relación a manipulación na licitación na que participou, pero non o atopou."

"Analizados os feitos e alegacións realizadas pola empresa esta Sala puido verificar que INDRA, tras acceder aos documentos do expediente relativos á súa participación no ilícito, puxo en marcha unha auditoría interna que detectou a existencia da conduta imputada pola DC e achegou documentación nova (...)"

A Xurisprudencia tamén manifesta que os procesos de adopción de medidas correctoras por unha empresa aprobadas coa finalidade de corrixir condutas anticompetitivas, se a empresa proporciona insuficiente información sobre a investigación interna que levou a cabo, pode ser considerado como causa de rexeitamento das devanditas medidas correctoras ou de *self cleaning*. Así o declara a sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024¹⁷ ao afirmar que:

"74. Segundo os considerandos 57 a 61 da Decisión impugnada, a EU-OSHA considera que o plan de acción comunicado pola demandante para acreditar a posta en marcha dunha investigación interna non proporciona información algunha do momento en que a investigación tivo lugar, o procedemento seguido, o ámbito da investigación, os recursos asignados a esta ou a persoa que a levou a cabo e o seu grao de autoridade. Do mesmo xeito, a EU-OSHA considera que a demandante tampouco informou sobre os resultados da investigación e, en particular, sobre as medidas adoptadas por mor desta, o nivel de responsabilidade asegurado, as consecuencias extraídas e, por último, a comunicación dos seus resultados aos empregados e á dirección. Como consecuencia do anterior, a EU-OSHA conclúe que, aínda que é certo que a realización dunha investigación interna pode ser un medio adecuado para identificar a orixe da conduta, no presente caso, a falta de información sobre os aspectos anteriormente mencionados impide considerala unha medida correctora en toda regra."

2.- Medidas disciplinarias contra o persoal implicado nas condutas

¹⁷ Sentenza do Tribunal Xeral do 2 de outubro de 2024, VC/EU-OSHA, T-126/23, EU:T:2024:666.



A investigación interna que a empresa desenvolve como parte dun programa de cumprimento e como mecanismo de reacción temperá ante a aparición de indicios de prácticas colusorias no marco dun expediente sancionador incoado por unha autoridade de competencia, ademais de servir para acreditar a firme vontade de cumprimento pola empresa, é o instrumento básico para a aplicación das medidas disciplinarias que OHLA contempla no documento “Política de Cumprimento en materia de competencia”, achegado pola propia empresa na súa “solicitud de inaplicación” da prohibición de contratar. Nela afirma que:

“El incumplimiento de lo dispuesto en la presente Política podrá implicar, de acuerdo con la legislación local aplicable en cada región, graves consecuencias para el Grupo, como, entre otras, la imposición de multas, la limitación de la capacidad de contratar con la Administración Pública o posibles reclamaciones de daños y perjuicios a cualquiera de las sociedades del Grupo OHLA y/o sus directivos.

Asimismo, el Grupo OHLA podrá llevar a cabo la aplicación de las oportunas medidas sancionadoras (incluyendo, en su caso, el despido) sobre cualquier empleado y/o directivo que realice cualquier infracción contraria a la libre competencia, de acuerdo con las distintas legislaciones en materia laboral aplicables.” (Folio 665)

No seu escrito de “contestación ao requirimento de información” da SUBDIC a empresa OHLA manifesta que a mesma

“(…) (ii) tampoco ha detectado la comisión, por parte de ninguna persona física empleada por esta parte y que haya tenido relación con los hechos objeto de investigación en el procedimiento sancionador, de ninguna infracción de la normativa de competencia. Por ello, no ha considerado necesario adoptar ninguna medida interna de índole correctiva, sancionadora y/o disciplinaria” (folio 739)

Polo que non adoptou ningunha medida interna de índole correctiva, sancionadora e/ou disciplinaria. Como sinala a SUBDIC

